



FOXO DO LOBO DE VENTÍN

Adela Leiro, Mon Daporta
setembro 2017



Distancia: 3 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Ao pé da linde dos concellos de Fornelos de Montes e Mondariz, entre os cumes do coto do Corgo e o coto dos Corvos, nun espazo chan antes da caída ao fondo val onde se xuntan as primeiras augas do río Alén, atópase este foxo do lobo que presenta a curiosa singularidade de ter dous pozos, un en cada unha das baixadas.

Por velo, por dar un paseo pola zona, por gozar das paisaxes que abranguen as serras da dorsal (o Suído e o Faro de Avión), a Paradanta, o Galleiro e todos os montes da contorna, podemos achegarnos a Fornelos de Montes

PERCORRIDO
En Fornelos de Montes coller a estrada a Estacas, nela o desvío pola Cabreira a Ventín de Arriba e, atravesando o lugar, a estrada que sube ao monte; dous km máis adiante atopamos un desvío á esquerda polo que temos que percorrer un km máis, en total 7 km desde Fornelos, para chegar a un espazo despexado onde varias pistas coinciden na estrada, aquí apartamos á dereita, deixamos o coche e comezamos a andaina, (1,5 km, 3 km coa volta) se vimos en bicicleta todoterreo podemos continuar nela ata o mesmo foxo (un cartaz advirte de que está prohibida a circulación de calquera outro tipo de vehículo se non ten autorización para facelo); collemos a pista da esquerda, en subida e despois dun traxecto en zigzag no que gañamos bastante altura continuamos ao longo dun bo treito ao mesmo nivel antes de facer outra pequena subida ao remate da que o camiño vira á dereita. Neste punto podemos seguir dereito monte a través polos espazos abertos ata o pequeno cume que temos diante, ao coraalo temos de fronte o foxo, ou seguir o camiño cara á dereita onde, a uns 20 m, atoparemos un poste indicador coa dirección a seguir e o tempo (5 minutos) que tardaremos en acadar o noso obxectivo. Por este camiño, no verán, cos fentos altos, hai que fixarse para distinguir os valados.

O camiño faise por un espazo aberto rodeados de mato de uces, toxos, fentos e breixos no que as únicas especies arbóreas que atoparemos son as pereiras bravas, salgueiros e uns cantos piñeiros de Monterrei que sobreviviron aos lumes.



Foxo do lobo



Val do río Alén e o Suído



Coto da Erbededa



Ramo de pereira brava

